



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CMUS Profesional Manuel Quiroga  
Avenida JUAN CARLOS I 4 Pontevedra  
CP 36004 Pontevedra  
Tfno. 886151545, Fax 886151552  
cmus.pontevedra@edu.xunta.es

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa  
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

**MD85PRO01**

**Programación**

# **ITINERARIO DE INTERPRETACIÓN CANTO**



**UNIÓN EUROPEA**  
Fondo Social Europeo  
*O FSE inviste no teu futuro*



## Índice

---

<b>1.</b>	<b>Introdución</b>	<b>3</b>
<b>2.</b>	<b>Metodoloxía</b>	<b>3</b>
<b>3.</b>	<b>Atención á diversidade</b>	<b>5</b>
<b>4.</b>	<b>Temas transversais</b>	<b>5</b>
	4.1 Educación en valores	5
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)	6
<b>5.</b>	<b>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas</b>	<b>6</b>
<b>6.</b>	<b>Secuenciación do curso</b>	<b>7</b>
	6.1 Curso:.....	7
<b>7.</b>	<b>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica</b>	<b>13</b>
<b>8.</b>	<b>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento</b>	<b>14</b>





## 1. Introducción

---

Segundo Decreto 203/2007 polo que se rixen as ensinanzas profesionais de de réxime especial de música (DOGA do 31 de outubro de 2007), o itinerario de interpretación vai na procura de dotar ao alumnado de 6º curso dunha base teórico-práctica que complemente o resto de destrezas conqueridas ao longo dos estudos profesionais de música, incidindo nas posibilidades de realización musical e dotando ao futuro músico das ferramentas necesarias para as diferentes saídas profesionais.

## 2. Metodoloxía

---

Sostida nos principios metodolóxicos suxeridos no *DECRETO 223/2010, de 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia*, no seu artigo 39, epígrafe c, realizarase unha avaliación inicial do alumnado para establecer as medidas pedagóxicas adecuadas e conducentes ao logro dos obxectivos do curso que se imparta.

1. A finalidade da tarefa educativa é o desenvolvemento da personalidade e a sensibilidade propias do alumno. A música é un vehículo de expresión de emocións, un instrumento ao noso dispor.
2. Buscarase unha aprendizaxe significativa, onde o alumno integre os novos coñecementos, habilidades e experiencias. A secuencia de contidos e





actividades propostas integraranse de xeito que se constrúa unha técnica sólida, base de novas aprendizaxes.

3. O profesor guiará e solventará os problemas e dúbidas que xurdan no proceso de aprendizaxe do alumno, tratando de estimular e motivar ao alumno.
4. A Programación Didáctica debe ser aberta e flexible para poder adaptala ás características e necesidades de cada alumno, tentando de desenvolver as súas capacidades.
5. A aprendizaxe debe ser funcional, cunha aplicación práctica do coñecemento adquirido. Non soamente se aplicarán os contidos técnicos ou expresivos, de tipo técnico ou práctico, senón que serán necesarios e útiles para levar a cabo outras aprendizaxes posteriores, así como para afrontar con éxito novas actividades nas que se terán que poñer de manifesto a comprensión e dominio do aprendido.
6. A Avaliación é un proceso que debe levarse a cabo de forma continua e personalizada, aportando ao alumno a información obxectiva sobre o seu progreso e capacidades.
7. O profesor avaliará tamén o seu traballo e a efectividade da programación e a súa intervención.
8. É necesario que o alumno participe do proceso a través da súa propia autoavaliación, buscando a autonomía e a implicación responsable do alumno.

### **Actividades Didácticas**





1. Actividades de investigación.
2. Actividades de análise comparativo de diferentes modelos.
3. Actividades de práctica e posta en escea de exercicios técnicos ou de interpretación.
4. Actividades prácticas: ensaios, audicións, etc.
5. Actividades de Avaliación e Autoavaliación.

### 3. Atención á diversidade

---

No marco das disposicións establecidas na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, os centros escolares de nova creación deberán cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade. O resto dos centros deberán adecuarse á devandita lei nos prazos e cos criterios establecidos nela.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, esas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados neste decreto.

### 4. Temas transversais

---





#### **4.1 Educación en valores**

Os temas transversais son temáticas que deben tratarse no sistema educativo e en todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe, pero que non conforman unha materia de estudio concreta, e ó mesmo tempo deben ser tratados en todas as materias do currículo. Constarán como temas transversais relacionados coa educación en valores os seguintes:

“Educación moral e cívica”

Promoveranse actitudes de tolerancia e respecto tanto coa realización de exercicios en grupo como individuais.

“Educación para a paz”.

Animarase a unha convivencia harmónica vendo as repercusións positivas do coñecemento das diferentes linguas.

“Educación para a saúde e a calidade de vida”.

A través dos aspectos positivos do coñecemento de linguas extranxeiras.

“Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos”.

Inculcando valores de igualdade, e levando a cabo actuacións que non creen ningún tipo de diferenza entre sexos.

#### **4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)**

A constante presenza das TIC's no mundo actual, fai importante tamén a presenza das mesmas na aula. Así, aproveitaremos os recursos dispoñibles para explorar e dar a coñecer ó alumnado as posibilidades que nos proporcionan os distintos medios tecnolóxicos dispoñibles no centro (Internet, gravación, edición de son, edición de partituras, acceso a partituras de dominio público...)





## 5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

---

Estas actividades estarán dirixidas a complementar a formación dos alumnos. A ampliar a súa capacidade crítica e autocrítica. A dinamizar e implicar ao alumno na vida cultural do centro e da súa contorna, e como factor motivador polo seu carácter funcional.

Poderán ser organizadas polo departamento, de xeito interdisciplinar con outros departamentos, en colaboración coa ANPA, con outras institucións, oficiais ou non, externas ao centro, etc. Deberán ser programadas ao comezo do curso e consistiran en:

1. Audicións, exposicións, proxeccións, conferencias, etc., no propio centro.
2. Cursos de interpretación.
3. Organización de agrupacións de alumnos.
4. Intercambio con outros centros ou viaxes de estudos.
5. Asistencia a concertos, conferencias, etc., fora do centro.

## 6 Secuenciación do curso

---

### 6.1 Curso: Único Curso, nivel 6º G. P.

#### 6.1.1 Obxectivos

1. Coñecer as técnicas básicas de estudo (organización, memoria, concentración, relaxación, etc.) e favorecer a súa automatización para aumentar a eficacia e eficiencia





do estudo.

2. Tomar conciencia dos requerimentos físicos da interpretación.
3. Coñecer as prácticas interpretativas, por medio de fontes sonoras e escritas axeitadas, de intérpretes célebres, en canto aos diferentes estilos interpretativos da música occidental.
4. Dominar as diferencias interpretativas entre os distintos periodos da historia da música e os seus recursos estilísticos.
5. Adquirir o hábito de escoitar música, ampliando os coñecementos musicáis e a súa cultura en xeral, formando unha base sólida que permita ao alumno dirixir as súas preferencias musicáis segundo as características persoais.
6. Valorar a interpretación a través da propia execución musical, de cara a conquistar maior calidade e un criterio obxectivo sobre o nivel de traballo.
7. Utilizar as novas tecnoloxías como método de aprendizaxe e de análise interpretativa.
8. Familiarizarse coa bibliografía especializada.

### **6.1.2 Contidos**

1. Organización do traballo diario.
2. Exercitación progresiva da memoria.
3. Coñecemento de técnicas de relaxación e respiración e a súa correcta aplicación de cara a evitar tensións e malos hábitos posturáis.
4. Dominio da concentración.
5. Coñecemento corporal aplicado á execución musical.







6. Control do medo escénico.
7. Realización de traballos relacionados co repertorio e a evolución das técnicas vocais.
8. Deseño e estudo dun repertorio adecuado ao 6º curso de grao profesional, que abranguerá os seguintes estilos: ópera, zarzuela, oratorio, e repertorio de concerto (lied, canción española, chanson, etc.), a lo menos en tres idiomas diferentes.
9. Familiarización cos distintos criterios estilísticos que rexiron a interpretación do repertorio barroco.
10. Familiarización cos distintos criterios estilísticos que rexiron a interpretación do repertorio clásico.
11. Familiarización cos distintos criterios estilísticos que rexiron a interpretación do repertorio romántico.
12. Familiarización cos distintos criterios estilísticos que rexiron a interpretación do repertorio do século XX en diante.
13. Audicións comparadas de diferentes intérpretes, épocas e estilos.
14. Crítica das propias audicións e audicións alleas, por medio de visionado de audicións didácticas.
15. Peculiaridades técnicas da interpretación en distintas formacións: solística, dúos, tríos, etc.)
16. Coñecemento das normas de actuación convencionais que rixen nos acontecementos musicais: como intérpretes e como oíntes.
17. Comentarios sobre bibliografía especializada.





### 6.1.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

1. Interpretar as obras correspondentes ao nivel, diferenciando axeitadamente as peculiaridades técnicas e musicais de cada estilo e aplicando nelas todos os coñecementos adquiridos.
2. Controlar a resposta corporal na interpretación a través do correcto emprego das técnicas de relaxación, concentración e respiración estudadas.
3. Analizar audicións de distintas épocas e intérpretes dunha mesma obra, comparando os criterios estilísticos de cada unha delas.
4. Criticar dun xeito obxectivo e constructivo as interpretacións propias e alleas.
5. Amosar unha actitude de interese e participación ante as audicións e traballos propostos.
6. Dominar as peculiaridades técnicas e musicais da interpretación en conxunto.
7. Comentar os aspectos interpretativos dunha partitura ante as súas diversas audicións.

#### Mínimos esixibles

A relación dos contidos relacionados no apartado anterior serán de obrigado cumprimento para a superación do curso.





#### 6.1.4 Procedementos e ferramentas de avaliación

##### **Procedementos:**

- Observación individual do aprendizaxe mostrado nas sesións semanais de clase, atendendo a aspectos como a comprensión, adquisición de conceptos, participación activa, corrección e autocorrección.
- Observación do seu rendemento, interacción e comportamento en grupo, nas diferentes actividades deseñadas ao efecto.
- Observación do grado de consecución dos obxectivos do curso a través de probas obxectivas deseñadas dende a especialidade ao longo do curso.

##### **Ferramentas:**

- Diario de aula.

Boletín de cualificacións.

##### **Criterios de cualificación**

Ao longo do curso realizarase unha avaliación continua na que se avaliarán os progresos do alumno.

O alumno deberá obter unha cualificación mínima de 5 para superar o curso. Esta puntuación suporá superar os contidos mínimos esixibles expostos na programación. Unha maior cualificación dependerá do maior ou menor cumprimento dos criterios de avaliación:

1. Diario de clase (observación directa): 50%
2. Audicións: 25%
3. Traballos teóricos: 25%





## Calibración

Realizarase, ao menos, una proba anual de calibración, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente.

Segundo o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6. da Circular 21/2008 e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados as mesmas.

### 6.1.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Non da lugar xa que se trata dun só curso.

### 6.1.6 Medidas de recuperación

#### Procedementos de recuperación ordinarios

Nos casos en que, de acordo co procedemento disposto nas normas do Regulamento de Réxime Interno vixentes, o alumno que perda o dereito á avaliación continua deberá examinarse ou facer un traballo que abranga todos os contidos do curso ao remate da terceira avaliación.

#### Probas extraordinarias de setembro

Os criterios de avaliación para a proba extraordinaria de setembro serán os mesmos que os do curso. As obras eleixidas para o exame deberán contar co visto bo do profesor





que as aceptará ou refusará tendo en conta a programación didáctica.

### 6.1.7 Recursos didácticos

A especialidade de Itinerario de Interpretación de canto contará cos materiais e recursos didácticos necesarios para o desenvolvemento máis axeitado do instrumento.

Entre o material necesario está:

1. Un aula espaciosa e ventilada, integrada por: espello de corpo enteiro, piano, aparato de CD, cadeiras, armario, mesa, atrás, etc.
2. Materiais impresos: partituras, libros especializados, etc.
3. Material sonoro: CD's
4. Material audio-visual: DVD's
5. Televisión e reprodutor de DVD

## 7 Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

---

A información que proporciona a avaliación é útil para ver se alcanzamos os obxectivos propostos, e en función disto, para rectificar e actualizar constantemente as dificultades que presente o/a alumno/a, tanto no proceso de ensino-aprendizaxe coma na súa programación. A avaliación será:

- Inicial: Permitiranos saber os coñecementos previos do alumno/a sobre o tema para adecuar o desenvolvemento da materia ao seu nivel.





- Continua: Permítenos un control e seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe posibilitando a súa progresiva e continua adecuación ás dificultades e necesidades que vaian xurdindo respecto á planificación inicial.
- Sumativa ou final: Consiste en comparar os obxectivos iniciais cos resultados finais e permitíranos coñecer se os/as alumnos/as alcanzaron os obxectivos propostos inicialmente.

Asimesmo debemos fomentar que o/a alumno/a participe no proceso de avaliación a través da autoavaliación e a coavaliación para impulsar a autonomía do alumnado, a súa implicación responsable e a elaboración de xuízo e criterio.

Deste xeito previamente realizárase unha avaliación inicial do/da alumno/a para coñecer o nivel de partida dende o cal comeza a súa aprendizaxe. Durante todo o curso farase unha avaliación continua do/da alumno/a mediante a observación sistemática das actividades deseñadas para o seu desenvolvemento na aula. Desta forma, as mesmas tarefas son á vez actividades de avaliación. Por último concluírase cunha avaliación final resultado do traballo do/da alumno/a durante todo o curso, baseándose nos obxectivos conseguidos.

## 8 Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

---

Farase un seguimento e avaliación continua da programación a través do diario de aula, así como un seguimento máis xeral da mesma nunha reunión mensual do departamento de canto.

Valoráranse e poñeranse en común as dificultades atopadas así como a adecuación da programación ó nivel do alumnado, tomando constancia para unha posible corrección posterior.





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CMUS Profesional Manuel Quiroga  
Avenida JUAN CARLOS I 4 Pontevedra  
CP 36004 Pontevedra  
Tfno. 886151545, Fax 886151552  
cmus.pontevedra@edu.xunta.es

Todos aqueles aspectos que sexan destacables tanto para a mellora das programacións como para a mellora xeral do funcionamento do Departamento serán reflectidos na Memoria Final de Curso do Departamento.



**UNIÓN EUROPEA**

Fondo Social Europeo  
*O FSE inviste no teu futuro*